

Unha historia sen forza

Durante os anos da universidade, todos coñecemos xente peculiar. Persoas que, unha vez rematada a carreira, nunca máis volvemos ver. E co devalar do tempo, as lembranzas vanse encetando, mesturándose coa pátna doce que por veces a memoria deita sobre o pasado e co adobío con que o maxín agasalla os bos recordos. Este é, xustamente, o punto de saída de *Esta historia*. A segunda novela de Xosé Monteagudo (que se dera a coñecer no sistema lite-

Volvendo á Compostela dos 80



MONTSE PENA PRESAS

nando Garrido e Luís Troitiño, que serán os lazarillos do lector, mais tamén desa primeira voz narrativa (convertida agora en narratorio), no momento de atravesar os axitados meandros da existencia do protagonista.

do e pouco aproveitado. O tempo, eses 80 xa mitificados, con banda sonora de Alaska e Nacha Pop incluída, entretécese co ambiente da época, artellando o mosaico santiagués de entón (e nalgúns casos tamén de agora, a Compostela bohemia fronte á Compostela burguesa, eterna batalla) con bastante acerto.

A novela ten páxinas e momentos sinalables: Charli deixando libros na rúa para que os atope un namorado das letras e os acolla baixo o seu brazo (unha sorte de bookcrossing primixenio); Charli

TEMPO

ENTRETÉCESE CO

AMBIENTE E COA

BANDA SONORA

DA ÉPOCA



r a -
rio galego
tras gañar en
2002 o Premio Blanco Amor con *As voces da noticia*) preséntanos a un personaxe-narrador de mediana idade que, a partir dunhas fotografías que olla nunha librería da Rúa do Vilar en Compostela, lembra a un mozo que coñeceu na súa época de estudante: Charli Gómez. Tirando dese fío, decide coñecer a fondo o devir vital deste home coa intención de escribir unha novela, para debuxar coa palabra o Santiago universitario dos anos 80.

O xogo narrativo que propón o autor comeza xustamente neste punto. O personaxe-narrador contacta con dúas persoas que viviron os anos estudantís ben preto de Charli, Fer-

A t a
aquí, todo en orde. Mais o personaxe de Charli irá expandíndose liña a liña, páxina a páxina, case sen deixar lugar para ningún outro elemento, de xeito que chega a diluír, practicamente, os outros compoñentes da novela. De feito, os datos achegados sobre Garrido, Troitiño e mesmo sobre o narrador principal, son bastante escasos e profundizan tan pouco nestes caracteres, que un receptor pouco avezado, ou máis ben algo despistado, pode facilmente confundilos. Así, o espazo –aínda que nomeado con precisión– tan aproveitado noutras obras literarias para un maior afondamento nel (sirvan a este respecto como exemplo textos de moi diferente fa-
quía, como *Crime en Compostela* de Carlos Reigosa, *Home sen nome* de Suso de Toro ou *No ventre do silencio* de Méndez Ferrín), fica aquí bastante desdubuxa-

receitando obras para cada etapa vital, decidindo que cada texto ten o seu espazo e o seu intre para ser lido (a literatura como curación, o xarabe de todo letraferido). Emporiso, o problema atopámolo xustamente aí: Charli. O protagonista non resulta ser, como semella a intención do autor (transmitida quizais a través dese personaxe que quere escribir unha novela sobre el), ese home fascinante e engaiolador con vida trepidante que ao único que se vende é á liberdade. Porque o certo é que a súa existencia, sobre todo conforme unha vai avanzando na lectura da súa historia, se torna a cada paso máis monótona e vai perdendo paulatinamente ritmo e emoción, o que se deriva da falta de acontecementos fundamentais que nela hai. Dicia Herman Hesse que os libros só teñen valor cando conducen á vida e lle son útiles. Esta historia diríxese, sen dúbida, cara á vida e cada lector e lectora poderá decidir se está escrita para o seu momento e o seu lugar.

MONTEAGUDO, Xosé, Esta historia, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 193 páxinas